



Unión Europea

AESS 2020

• A ESTRADA SOCIAL E SOSTIBLE 2020

INFORME TÉCNICO

ANÁLISE DAS PROPOSTAS CIDADÁS NO MARCO DO PROCESO DE
PARTICIPACIÓN PÚBLICA DE AESS 2020

(novembro de 2018)



Contido

1.	OBXECTO	5
2.	ANTEDECENTES.....	5
3.	ASPECTOS ANALIZADOS.....	7
4.	PROPOSTA DE PRIORIZACIÓN	9
4.1.	Reto 1: mellora de servizos públicos ou creación de novos servizos públicos coas TIC (200.000 €)	10
4.2.	Reto 2: mobilidade máis inclusiva e sostible (700.000 €)	12
4.3.	Reto 3: recuperar e por en valor o patrimonio (500.000 €).....	14
4.4.	Reto 4: revitalización socioeconómica do rural (400.000 €).....	16
4.5.	Reto 5: atención a colectivos desfavorecidos e igualdade de oportunidades (900.000 €). 19	
4.6.	Táboa resumo.....	21





1. OBXECTO

O presente documento é un informe técnico que plasma de forma resumida o resultado da avaliación das propostas recibidas polo Concello de A Estrada no marco do proceso de Participación Cidadá celebrado a finais de 2018 para ter información coa que tomar unha decisión o máis axeitada posible respecto de que operacións priorizar cos fondos non comprometidos da EDUSI de cara a súa execución no período 2019-2021.

Dita análise ten coma referencia fundamental o marco do POCS 2014-2020 do que procede a EDUSI AESS 2020, así coma a lexislación básica que afecta aos ámbitos competencias que pode abordar o Concello de A Estrada. Do mesmo xeito, o presente informe non é vinculante nin reflexa a decisión final sobre as operacións a executar, tan só plasma unha serie de conclusións técnicas a escalar aos órganos de xestión da EDUSI e as Unidades Executoras da mesma de cara a que o integren nos procesos de toma de decisións que se realizan no marco das súas competencias.

2. ANTEDECENTES

Con data 17 de novembro de 2015 publicouse no BOE a Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, pola que se aprobaban as bases e a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020. O importe total da convocatoria foi de 730, 917 millóns de euros.

As estratexias que concorían a esta convocatoria debían contemplar cinco retos: económicos, ambientais, climáticos, demográficos e sociais, de acordo co disposto no artigo 7.1 do Regulamento FEDER para favorecer o desenvolvemento urbano sustentable, en base aos principios e orientacións estratéxicas dos Fondos EIE.

As EDUSI constitúen o marco para a posterior selección por parte das entidades beneficiarias (concellos) das operacións a desenvolver na cidade ou área funcional definida en cada caso, as cales serán cofinanciadas mediante as axudas concedidas na convocatoria.

Con data 3 de outubro de 2016 publicouse no BOE a Resolución do 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se concedían axudas da primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano



Sustentable e Integrado que serán cofinanciados mediante o POCS FEDER 2014-2020 convocadas pola Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro.

Con data 14 de decembro de 2016, publicouse no BOE a resolución definitiva do 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciados mediante o POCS FEDER 2014-2020 efectuada pola Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, resultando seleccionada a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrada formulada polo Concello da Estrada, chamada A Estrada Social e Sustentable 2020 (AESS2020), cunha axuda de 5.000.000 euros, que permitirá a posta en marcha de actuacións de rexeneración urbana mediante un enfoque integrado que contempla aspectos económicos, ambientais, climáticos, demográficos e sociais.

Dende entón, o Concello de A Estrada traballou na posta en marcha de diferentes actuacións prioritarias nos eidos da rexeneración de espazos urbanos, impulso das TIC na administración ou eficiencia enerxética en infraestruturas públicas de alumeadado entre outros eidos. Este proceso de lanzamento de diferentes operacións no marco da EDUSI implicou unha importante carga tanto administrativa coma técnica con estudos e proxectos previos así coma diferentes xestións, tanto propias da natureza da EDUSI coma sectoriais en base á natureza de cada operación.

De forma complementaria á execución destas liñas de actuación, e coa intención de continuar cos procesos de participación pública que xa axudaran a definir a propia estratexia EDUSI no seu día, dende o Concello de A Estrada creáronse unha serie de grupos de traballo temáticos en torno á 5 retos intimamente vencellados á EDUSI:

- Reto 1: mellora de servizos públicos ou creación de novos servizos públicos coas TIC
- Reto 2: mobilidade máis inclusiva e sostible
- Reto 3: recuperar e por en valor o patrimonio
- Reto 4: revitalización socioeconómica do rural
- Reto 5: atención a colectivos desfavorecidos e igualdade de oportunidades

Cada grupo de traballo temático, coordinado por un político, técnicos municipais e representantes da sociedade civil, tivo coma obxectivo sentar as bases para a definición de cada reto e a coordinación dun proceso de participación pública que permitise definir ámbitos de actuación prioritarios dentro das temáticas pendentes por cerrar na EDUSI.



É dicir, buscábase dinamizar un proceso participativo para decidir o futuro dos máis de 2,5 millóns de euros que, a finais de 2018, non estaban asignados na EDUSI e cuxa execución tiña coma prazo límite 2021.

No marco deste proceso participativo con data 19 de outubro de 2018 publicouse na web oficial de AESS 2020 un anuncio polo cal se expuña o marco de participación anteriormente mencionado e se explicaban os seus pasos principais:

- A apertura dun proceso de recollida de propostas entre o 19 de outubro e o 14 de novembro de 2018 a través da páxina web oficial da EDUSI (www.aess2020.gal).
- A celebración dunhas Mesas de Participación Pública o 5 de novembro de 2018 no Museo do Moble e da Madeira con debates abertos ao público en torno a cada un dos cinco retos anteriormente mencionados.
- A análise das propostas debatidas e a decisión no marco dos órganos da EDUSI AESS 2020 dos ámbitos prioritarios.

Nas Mesas de Participación Pública do 5 de novembro de 2018, celebradas dentro do prazo de presentación de propostas, leváronse tanto proxectos internos que se estaban traballando no Concello de A Estrada coma propostas cidadás, de cara a impulsar a participación e o debate aberto.

Ás Mesas de Participación Pública asistiron un total de 40 cidadáns, recibindo un total de 23 propostas a través da web oficial. Nese cómputo inclúense propostas similares, propostas que inclúen diferentes ámbitos de actuación e diferentes versións da mesma proposta.

Á vista das propostas recibidas, e considerando os condicionantes da EDUSI AESS 2020 e o propio Concello de A Estrada, o presente informe plasma o resultado da avaliación das propostas recibidas así coma unha recomendación respecto das propostas a priorizar en cada reto.

3. ASPECTOS ANALIZADOS

Para a revisión das propostas recibidas no marco da participación pública analizáronse os seguintes factores:



- Analizouse a necesidade de solucións innovadoras para o caso de que poidan ser precisos procesos de consultas ao mercado ou compra pública de innovación. Non foi un criterio de priorización tratándose dun campo meramente informativo. Puido estar relacionado coa valoración da viabilidade do proxecto non casos nos que poida haber dúbidas a nivel técnico de que se poida abordar axeitadamente o proxecto.
- Colectivo obxectivo.
- Impacto en indicadores da EDUSI, xa que un dos criterios prioritarios no marco da EDUSI é cumprir os indicadores obxectivo que condicionan os fondos recibidos.
- Fondos precisos, se se facilitan a priori por parte da persoa que propón a idea.
- **Prazo temporal para a execución**, xa que a EDUSI ten unhas limitacións temporais a súa execución.
- **Cumprimento da subvencionabilidade no marco da EDUSI**, xa que no contexto das EDUSI non calquer investimento é subvencionable.
- **Disponibilidade de fondos suficientes**, de acordo cos límites de fondos dispoñibles na EDUSI.
- **Habilitación competencial do Concello para realizar a operación.**
- De ser preciso, (OT9 da EDUSI) encaixe na análise socioeconómica.
- Viabilidade de executar a operación (posibles trabas).
- Sostibilidade da operación (mantemento da mesma no tempo), xa que no caso de que a EDUSI dea un pulo inicial nun eido concreto cun investimento permanente en CAPEX ou temporal en OPEX, o Concello de A Estrada debe manter os custos de OPEX correspondentes para manter ese servizo ou infraestrutura.
- Relevancia social, ben a través das propias valoracións nas xornadas de participación ou o interese xerado pola temática na web do proxecto.

Hai que precisar que o impacto en indicadores da EDUSI realizouse en base a estimacións iniciais. Igualmente, nalgúns casos o orzamento requiría dunha análise profunda que excede o obxecto do presente informe. Dita análise sería pertinente en base á priorización de operación que resulte, condicionando o alcance que resulta viable abordar no marco da EDUSI. Do mesmo xeito, outras propostas son tales que poden adaptarse a diferentes rangos orzamentarios, ben porque poden executarse parcialmente ou porque admiten diferentes alternativas de actuación (por exemplo, na



humanización e peatonalización de rúas poden existir diferentes alternativas posibles con diferentes rangos de investimento). No tocante ao prazo temporal, no caso de non existir ningunha estimación de referencia, tan só se analizou se semella factible executala no prazo da EDUSI AESS 2020.

Algúns aspectos analizados dos mencionados con anterioridade (prazo, orzamento, subvencionabilidade e habilitación competencial) representaron requisitos previos cuxa superación era requisito necesario para a valoración da proposta.

No que respecta á valoración en si de cada proposta, esta representa unha obxectivización de catro aspectos principais:

- Aportación a indicadores do POCS FEDER 2014-2020 incluídos na EDUSI AESS 2020.
- Viabilidade de executar a operación incluíndo a este respecto incertidumes e riscos de diversa índole.
- Sostibilidade da proposta, no sentido de custo que debería abordar o Concello de A Estrada para mantela axeitadamente e relación custo-beneficio social.
- Relevancia social do eido sobre o que se actúa en base ao proceso de participación cidadá.

En base á reflexión en torno a cada proposta recibida, a priorización que figura na sección seguinte busca priorizar, para cada reto, un conxunto de proxectos coherente tanto entre si coma con outros retos e o xa traballado na EDUSI, o orzamento dispoñible e os obxectivos da EDUSI en canto a indicadores. Isto implica que o obxectivo final dos indicadores da EDUSI pode levar nalgún caso a condicionar altamente a elección de operacións. Do mesmo xeito, ao ter en conta o conxunto de actuacións o non só cada unha de forma illada, pode que nalgún caso se opte por priorizar un eido concreto coherente no troque de varios máis illados coa intención de potenciar e optimizar o resultado dos esforzos.

4. PROPOSTA DE PRIORIZACIÓN

Considerando as propostas recibidas no marco de cada reto, faise unha proposta que busca maximizar os beneficios sociais dos fondos empregados en cada ámbito tomando coma referencia os indicadores que se empregan ao respecto no POCS 2014-2020 e, polo tanto, na propia EDUSI. Cabe destacar que o feito de que unha operación non



resulta priorizada no presente informe non implica que non resulte de interese nin que non se poida abordar no futuro ou con outros fondos. A este respecto tanto a incertidume coma os riscos ou a baixa contribución aos indicadores da EDUSI puideron lastrar no presente informe algunhas propostas que noutro ámbito serían de interese. Noutros casos, a falta de competencias municipais específicas e/ou a falta de encaixe nos fondos da EDUSI impedían abordar algunha das propostas, a pesares de que a xuízo do equipo avaliador si eran de interese.

Compre recordar que o presente informe non é vinculante en sentido algún, nin reflexa necesariamente os ámbitos de actuación finais que se vaian a executar no ámbito da EDUSI.

4.1. Reto 1: mellora de servizos públicos ou creación de novos servizos públicos coas TIC (200.000 €)

No ámbito do Reto 1 identificáronse un total de 5 propostas:

- APP de mobilidade de A Estrada que abarque actuacións dos outros retos
- Sistema de monitorización da ocupación dos aparcadoiros con APP e paneis físicos
- Melloras na xestión da rede de saneamento
- Melloras na xestión da rede de abastecemento
- Mellora na seguridade dos traxectos urbanos á escola mediante solucións tecnolóxicas

No Anexo II pódese ver o detalle das propostas recibidas neste reto procedentes de cidadáns. Nalgún caso, as propostas cidadáns foron reclasificadas, polo que é posible que se analizaran noutro reto diferente ao inicialmente indicado polo cidadá.

No Anexo I pódese apreciar a táboa de avaliación de cada unha das propostas recibidas no marco deste reto. Destaca especialmente que o cumprimento do indicador obxectivo practicamente obriga a executar algunha das propostas que abarquen directa ou indirectamente todo o Concello de A Estrada. Posto que as propostas relacionadas coa mobilidade teñen ese potencial (xa que o casco urbano é punto de referencia) recoméndase abordar a lo menos unha das dúas actuacións de mobilidade. Dado que a actuación da APP de mobilidade ten potencial para ser transversal a todos os retos, xa que existen problemáticas e operacións relacionadas con este eido en todos eles, podería ser unha iniciativa a integrar en calquera deles en base aos fondos dispoñibles.



Polo tanto, **considerando os fondos dispoñibles recoméndase priorizar as seguintes operacións:**

- **Melloras na xestión da rede de saneamento**
- **Melloras na xestión da rede de abastecemento**
- **Sistema de monitorización da ocupación dos aparcadoiros con APP e paneis físicos**

A operación da APP de mobilidade podería integrarse noutros retos coma o e mobilidade ou posta en valor do patrimonio na medida en que se lancen iniciativas desta natureza, xa que nas partidas correspondentes quedan máis fondos dispoñibles.

Pola natureza da derradeira operación, o “Sistema de monitorización da ocupación dos aparcadoiros con APP e paneis físicos” resulta relativamente sinxelo adaptar o alcance da mesma aos fondos dispoñibles posto que é posible monitorizar un número variable de aparcadoiros públicos do total que existen no casco urbano.

Adicionalmente, no eido das infraestruturas intelixentes tamén existiría a posibilidade de incluír infraestruturas de comunicacións, as cales incluso poderían artellarse coma extensións da rede consistorial existente. En todo caso, os fondos dispoñibles neste reto resultan escasos, polo que optar por esta vía podería facer inviable cumprir cos obxectivos da EDUSI vinculados ao presente reto.

Finalmente, e especialmente no que atinxe á proposta de monitorización de aparcadoiros públicos, no orzamento inicial parece que non se inclúen instalacións auxiliares de subministro enerxético. Aínda que existen tanto carteis físicos con paneis e baterías coma sensores a batería con anos de autonomía e concentradores con baterías de respaldo que se poden colgar de luminarias públicas, segundo a solución tecnolóxica podería ser preciso abordar investimentos adicionais que ou ben obrigarían a minorar o alcance ou a incrementar a partida con fondos propios.

No tocante ás propostas en torno ao ciclo da auga (abastecemento e saneamento), estas abordan tanto obrigas legislativas (sobre todo en saneamento) coma cuestións de resiliencia e sostibilidade ambiental da actividade humana. En todo caso, debe avaliarse, sobre todo no caso da rede de abastecemento, a viabilidade de tomar partido axeitado destas investimentos no futuro, así coma as carencias fundamentais que poidan existir nestas infraestruturas máis aló destas inversións tecnolóxicas para mellorar a súa eficiencia e xestión. Neste sentido, estas propostas deberán



condicionarse e enmarcarse na estratexia que o concello vaia a abordar nos próximos anos e o encaixe que estas redes públicas teñan na mesma.

4.2. Reto 2: mobilidade máis inclusiva e sostible (700.000 €)

No ámbito do Reto 2 identificáronse un total de 6 propostas:

- Creación de zonas peonís ou de paso preferente de peóns no casco urbano
- Mellora da accesibilidade en espazos públicos
- Creación de rutas peonís e ciclables que partan e rematen no núcleo urbano
- Mellora da seguridade en puntos de especial siniestralidade ou risco
- Ampliar os espazos de aparcamento disuasorio (Teatro, Praza da Feira, Vinos)
- Sinalización e identificación dos núcleos do rural

No Anexo II pódese ver o detalle das propostas recibidas neste reto procedentes de cidadáns. Nalgún caso, as propostas cidadáns foron reclasificadas, polo que é posible que se analizaran noutro reto diferente ao inicialmente indicado polo cidadá.

No Anexo I pódese apreciar a táboa de avaliación de cada unha das propostas recibidas no marco deste reto. A única proposta que tería unha vantaxe a nivel de indicadores sería a creación de rutas peonís e ciclables, xa que na EDUSI figuraba un indicador propio vencellado. En todo caso, posto que non se trata dun indicador oficial do POCS, decidiuse non facer diferencias en canto á valoración do efecto sobre indicadores e asumir que todas as propostas poden ser desenvolvementos do Plan de Mobilidade actualmente en elaboración.

Deixando a un lado dito factor (aportación a indicadores) a priorización das mesas fundamentaríase principalmente no nivel de incertidume respecto dos impedimentos que poidan xurdir na posta en marcha ou a complexidade dos pasos que sería preciso levar. **En base a ese factor, propónse priorizar as seguintes actuacións:**

- **Creación de zonas peonís ou de paso preferente de peóns no casco urbano**
- **Mellora da accesibilidade en espazos públicos**
- **Creación de rutas peonís e ciclables que partan e rematen no núcleo urbano**
- **Ampliar os espazos de aparcamento disuasorio (Teatro, Praza da Feira, Vinos)**



Compre facer unha mención especial á proposta de “Ampliar os espazos de aparcamento disuasorio (Teatro, Praza da Feira, Vinos)”. De forma illada penalizáronse na súa avaliación as incertezas que poden existir respecto da súa posta en marcha en función dos instrumentos urbanísticos que teña asociados e outros factores coma a titularidade dos terreos. De todos xeitos, considérase unha proposta complementaria da “Creación de zonas peonís ou de paso preferente de peóns no casco urbano” en tanto en canto deben coordinarse os efectos de ambas para que o impacto global na transformación do espazo urbano sexa a indicada. A execución de ambas no contexto da EDUSI estará condicionada tanto pola dispoñibilidade orzamentaria coma polos prazos temporais e conceptos subvencionables, especialmente respecto das limitacións a imputación da adquisición de terreos.

En todo caso, o alcance concreto das propostas priorizadas no marco da EDUSI modularase en base ao Plan de Mobilidade, conforme aos estudos posteriores que se fagan e as asignacións orzamentarias que se deriven dos mesmos. Pola natureza das operacións propostas, estímase unha elevada flexibilidade para, a partir dun orzamento mínimo, axustar o custo de cada unha plantexando un proxecto e/ou ámbito máis ou menos ambicioso.

De todos xeitos, cada unha das propostas seleccionadas especifica unha serie de ámbitos obxectivo en torno aos que xiraría a estimación dos custos, viabilidade e decisión final do alcance a acometer. En concreto **estes ámbitos serían:**

- **No caso das zonas peonís ou de paso preferente de peóns:** Rúa Serafín Pazo e/ou Praza de Galicia e/ou espazo entre Fernando Conde, a Travesía da Feira e a zona sur da Praza da Feira.
- **No caso da mellora da accesibilidade de espazos públicos:** puntos da vía pública ou edificios públicos con trabas de accesibilidade segundo o estudo correspondente en elaboración.
- **No caso das rutas en torno ao casco urbano:** ruta colesterol, torre de Guimarei, praia fluvial, Valiñas, monumento ao labrador...
- **No caso da ampliación das zonas de aparcamento disuasorio** a zona do Teatro, a Praza da Feira e Vinos.

Adicionalmente aos ámbitos de actuación anteriores, incorporárase a este reto a proposta do Reto 1 de realizar unha APP de mobilidade que integre:



- Unha funcionalidade de rutas accesibles baseada no traballo que se esta realizado avaliando a accesibilidade, a cal pode ser unha indicación cun código de cores da facilidade de acceso de cada tramo dos diferentes viais respecto de persoas con problemas de mobilidade.
- Funcionalidades vencelladas ás rutas en torno ao casco urbano, dende o propio trazado ata información de elementos remarcables a través do seu percorrido pasando pola posibilidade de compartir fotos ou comentarios e vincularlos a redes sociais.
- De impulsarse o proxecto de monitorización de aparcadoiros no marco do reto 1, información en tempo real sobre a ocupación estimada non exacta de cada aparcadoiro público do centro urbano.
- De impulsarse a proposta de da ruta circular ramificada de carácter patrimonial do Reto 3, funcionalidades similares ás mencionadas para as rutas en torno ao casco urbano pero contemplando a realidade patrimonial e produtiva de cada contexto.
- De impulsarse propostas para resolver problemas específicos de mobilidade no rural, poderían derivarse funcionalidades coma unha redes social para compartir vehículo ou unha pasarela de comunicación cos taxistas locais para facilitar a compartición de taxi.

Aínda que esta APP de mobilidade sexa transversal a todos os retos, o ideal sería que todas as funcionalidades estivesen integradas, en lugar de ter cinco aplicacións diferentes. Por este motivo, recoméndase incluír esta iniciativa nun reto concreto (neste caso o Reto 2 de mobilidade) e modular o seu orzamento en base ao conxunto de operacións vencelladas á mobilidade que finalmente se poñen en marcha.

4.3. Reto 3: recuperar e por en valor o patrimonio (500.000 €)

No ámbito do Reto 3 identificáronse un total de 4 propostas:

- Habilitar unha rede de sendeiros que poñan en valor o patrimonio natural e cultural de A Estrada
- Recuperar a Torre de Guimarei, actualmente de titularidade privada
- Crear un Xardín Botánico en dous terreos municipais da zona deportiva dos institutos que combine un bosque autóctono e un invernadoiro interconectados por un paseo arbolado que transite entre especies autóctonas exóticas
- Por en valor a carballeira que hai detrás do Teatro



No Anexo II pódese ver o detalle das propostas recibidas neste reto procedentes de cidadáns. Nalgún caso, as propostas cidadáns foron reclasificadas, polo que é posible que se analizaran noutro reto diferente ao inicialmente indicado polo cidadá.

No Anexo I pódese apreciar a táboa de avaliación de cada unha das propostas recibidas no marco deste reto. No tocante a derradeira proposta, no marco da EDUSI non vemos factible facer inversións en terreos privados polo que probablemente sería preciso adquirilos ou que o actual propietario os cedese. Iso encarecería ou incluso imposibilitaría a operación.

No que respecta á proposta do Xardín Botánico, aínda que se entende que dun modo indirecto pon en valor o patrimonio natural existente, o plantexamento fundaméntase máis na creación de novo patrimonio natural (busque autóctono, paseo de transición e invernadoiro) que, máis aló da valoración do proxecto en si (o cal resulta de interese), non parece ter o encaixe máis axeitado no POCS FEDER 2014-2020. En concreto, o propio texto do POCS 2014-2020 fala, no marco do Obxectivo Específico 6.3.4 de conservar, protexer, mellorar e atraer visitante ao patrimonio natural, cultural e histórico-artístico; non de creación de novo patrimonio.

En calquera caso, xa que existe no ámbito da EDUSI una vertente de recuperación de terreos abandonados (obxectivo específico 6.5.2) xa en execución no proxecto de “Humanización e mellora do entorno urbano da Alameda”, proponse valorar a viabilidade de integrar parte da filosofía da proposta do Xardín Botánica na redefinición da Alameda. Sen alcanzar todo o plantexado nesa proposta, pode que sexa viable que, á hora de introducir novas árbores no novo espazo da Alameda se poida trazar un discurso de difusión do patrimonio natural semellante. Isto, coma é lóxico, subordinarase á compatibilidade que os responsable deste proxecto (humanización da Alameda) estimen respecto do plantexamento xeral do proxecto.

En canto ao impacto sobre os indicadores da EDUSI, aínda que non existen estimacións exactas ao respecto, debido ao alcance que tería a proposta de habilitar unha rede de sendeiros estímase que sería a iniciativa con meirande potencial para atraer visitantes dun colectivo obxectivo con moito potencial.

Finalmente, no que respecta ao interese público de cada iniciativa, as valoracións trasladan directamente as puntuacións plasmadas polos asistentes ás xornadas de Participación Pública.



Considerando o resultado da avaliación plasmada no Anexo I, **proponse priorizar a creación dunha periférica de sendeiros que percorra todo o municipio** para por en valor o patrimonio de A Estrada cunha lonxitude aproximada de 100 km rehabilitando e/ou mellorando algúns elementos do patrimonio de A Estrada con actuacións coma limpeza e eliminación de vertidos. Esta proposta pode exceder sen dúbida a capacidade orzamentaria dispoñible na EDUSI polo que sería preciso elaborar un documento estratéxico ao respecto e, en base ao mesmo, realizar un proxecto específico que desenvolva o ámbito que se seleccione coma prioritario e se considere viable abordar no marco da EDUSI.

A proposta da rede periférica enlaza axeitadamente co reto de mobilidade e tamén permite establecer vínculos cos produtores locais do rural a través de rutas secundarias temáticas (Reto 4). Este e outros motivos coma o apoio dos asistentes ás xornadas de Participación Pública ou a forte aposta que supón en canto á posta en valor do patrimonio natural e cultural de A Estrada, foron os principais que fixeron ao equipo avaliador decantarse por esta recomendación sen menoscabo do interese das restantes.

4.4. Reto 4: revitalización socioeconómica do rural (400.000 €)

No ámbito do Reto 4 identificáronse un total de 5 propostas:

- Rutas de posta en valor da produción local
- Promoción de activos turísticos unidos ás actividades produtivas do rural
- Cursos técnicos para a profesionalización do sector primario
- Lagar Comunitario
- Centro de Transformación de Produtos Agrarios

No Anexo II pódese ver o detalle das propostas recibidas neste reto procedentes de cidadáns. Nalgún caso, as propostas cidadáns foron reclasificadas, polo que é posible que se analizaran noutro reto diferente ao inicialmente indicado polo cidadá.

No Anexo I pódese apreciar a táboa de avaliación de cada unha das propostas recibidas no marco deste reto.

Máis aló do interesantes que poidan resultar as dúas últimas (Lagar Comunitario e Centro de Transformación de Produtos Agrarios), non se lle atopa encaixe nin na EDUSI nin posiblemente no marco competencial do concello (neste último caso tan só dende a



vertente da dinamización económica). A este respecto compre salientar os seguintes factores que ao noso entender complicarían ou incluso impedirían a operación:

- No marco de AESS 2020 non se contemplan subvencións nominativas. Por este motivo a execución dos investimentos debería asumila o concello sendo titular dunha infraestrutura produtiva. Iso plantexa cuestións tanto dende o punto de vista de competencias municipais coma de lexislación en materia de mercado e competencia.
- AESS 2020 emprega fondos FEDER que teñen certos condicionantes en canto a investimentos se trata. Por defecto, as operacións de AESS 2020 teñen unha aportación FEDER do 80%. No caso de infraestruturas produtivas que se poñan a disposición de axentes privados (por exemplo Cooperativas de Produtores) o IVE probablemente non sería elixible. Do mesmo xeito, habería que facer avaliacións ex-ante e ex-post da actividade económica. A avaliación ex-ante serviría para detraer previamente os ingresos netos, mentres que a avaliación ex-post sería necesaria para validar a estimación inicial e, de ser pertinente, facer a devolución pertinente se existiu lucro excesivo. Todas estas consideracións farían que a proporción de fondos FEDER que serían aplicables á operación do Lagar Comunitario e Centro de Transformación de Produtos Agrarios fose moito menor ao 80%.
- Finalmente, aínda que se decidise por en marcha a iniciativa (Lagar Comunitario ou Centro de Transformación de Produtos Agrarios) aludindo á dinamización da economía local e asumindo que a financiación FEDER sería moito menor ao 80%, seguirían existindo condicionantes respecto de como xestionar esas infraestruturas. En primeiro lugar, a súa xestión debería estar aliñada co principio de inversor privado nunha economía de mercado. Dito doutro xeito, ao actuar directamente una administración pública nun mercado liberalizado, debe realizar dita actividade conforme aos parámetros de calquer operador con intereses comerciais que financie a súa actividade a partir dos seus propios ingresos. É dicir, debería manter unha contabilidade separada (ou crear unha entidade xestora desa infraestrutura), cobrar unhas taxas polo seu uso acordos co mercado (e que cubran todos os seus costes así como a amortización das instalacións) e por esa infraestrutura a disposición de calquer axente interesado en igualdade de condicións.



Por todo a anterior, desaconsellamos a posta en marcha destas propostas (Lagar Comunitario ou Centro de Transformación de Produtos Agrarios) no marco da EDUSI, tanto polas dúbidas a nivel de marco competencial coma de minorización da financiación FEDER e de xestión acorde aos principios de inversor privado nunha economía de mercado.

Polo tanto, e a vista dos importes estimados para cada unha das restantes propostas sería viable abordalas todas elas, **resultando priorizadas no ámbito deste reto as seguintes propostas:**

- **Rutas de posta en valor da produción local**
- **Promoción de activos turísticos unidos ás actividades produtivas do rural**
- **Cursos técnicos para a profesionalización do sector primario**

De cara á posta en marcha de estas iniciativas de xeito coordinado deberíase facer un estudo previo das actividades produtivas do rural que se desexan potenciar coas mesmas para focalizar esforzos en eidos o máis rendibles posibles coma pode ser a produción de sidra ou a actividade forestal e outras intimamente vencelladas coma cogomelos, froitos do bosque, castañas...

A creación de rutas para a posta en valor da produción local debería coordinarse, de facerse, co proxecto da redes de sendeiros do Reto 3, xa que o ideal sería que as rutas temáticas produtivas sexan ramificacións da ruta perimetral principal ou teñan algunha vinculación coa mesma. A promoción de activos turísticos unidos as actividades produtivas do rural consistiría, non so en promocionar a venta de produto local no marco da rede de sendeiros, senón tamén impulsar unha tenda en liña vencellada á promoción turística na que os produtores locais poidan vender os seus produtos. Finalmente, os cursos técnicos de profesionalización buscarían incrementar o valor engadido das actividades do rural impulsando elaboracións máis complexas ao mesmo tempo que se trasladan valores e prácticas vencelladas á mellora da sostibilidade ambiental da actividade humana.

Para poñer en marcha estas actuacións e facelo de forma efectiva, non só se propón focalizar esforzos en actividades produtivas concretas, senón tamén tomar unha aproximación estratéxica e integral. É dicir, definir unha sorte de “Programa de aceleración de actividades produtivas do rural” que abarque:

- Identificación de oportunidades.
- Estratexias para aglutinar axentes e favorecer o cooperativismo



- Elaboración de Programas de Aceleración para diferentes actividades que abarquen actividades de:
 - Formación
 - Asesoramento
 - Apoio á comercialización (rutas, tenda en liña...)

Dito doutro xeito, no marco da EDUSI pódense por en marcha un ou dous proxectos pilotos en sectores produtivos específicos que sirvan de referencia para establecer a metodoloxía a seguir no marco dun “Programa de aceleración de actividades produtivas do rural” que no futuro busque fondos para impulsar outras actividades ou executar unha segunda fase das xa incluídas na EDUSI.

4.5. Reto 5: atención a colectivos desfavorecidos e igualdade de oportunidades (900.000 €)

No ámbito do Reto 5 identificáronse un total de 15 propostas:

- Estudo e intervencións sobre adolescentes
- Estudo e intervencións sobre a terceira idade
- Estudo e intervencións sobre as mulleres
- Promover coas asociacións actividades en prol da igualdade
- Potenciar o Centro Xuvenil A Estación e habilitar un espazo axeitado para a súa actividade
- Mellora da Biblioteca
- Crear espazos físicos polivalentes para asociacións
- Establecer e manter unha rede de mulleres de A Estrada
- Promover a igualdade a través da lectura (biblioteca)
- Para os mozos e para A Estrada (pista de skate)
- Mellora dos problemas de mobilidade do rural
- Programa de formación básica a colectivos coma inmigrantes
- Asesoramento legal a inmigrantes e retornados
- Crear un Punto de Encontro Familiar
- Para os mozos e para A Estrada

No Anexo II pódese ver o detalle das propostas recibidas neste reto procedentes de cidadáns. Nalgún caso, as propostas cidadáns foron reclasificadas, polo que é posible que se analizaran noutro reto diferente ao inicialmente indicado polo cidadá.



No Anexo I pódese apreciar a táboa de avaliación de cada unha das propostas recibidas no marco deste reto. Algunhas das propostas poderían ter cabida no ámbito de outras, xa que mentres algunhas fórmulanse cun ámbito de actuación moi extenso (mulleres, terceira idade, adolescentes...) outras fan referencia a ámbitos máis localizados e concretos. En todos os casos a avaliación da relevancia social baseouse na información recadada durante o propio proceso de participación pública. Pola súa banda, o impacto en indicadores tomou coma referencia os colectivos obxectivo fixados en cada operación. A avaliación de viabilidade e a sostibilidade seguiron criterios análogos aos empregados nos anteriores retos, penalizando propostas con elevados grados de incetidume ou que precisan dun gasto recorrente para o seu mantemento en funcionamento.

Nun intento por dar un pulo ás propostas con maior valoración, e facer unha proposta integradora, **proponse priorizar actuacións baseadas nas seguintes propostas integrando na fase de execución as que sexan complementarias:**

- Estudo e intervencións sobre adolescentes
- Estudo e intervencións sobre a terceira idade
- Estudo e intervencións sobre as mulleres
- Potenciar o Centro Xuvenil A Estación e habilitar un espazo axeitado para a súa actividade
- Crear espazos físicos polivalentes para asociacións

Con esta priorización búscase articular o reto 5 en torno a dúas vertentes: espazos sociais e intervencións sociais. Os espazos sociais son herdeiros das propostas de “Potenciar o Centro Xuvenil A Estación e habilitar un espazo axeitado para a súa actividade” e “Crear espazos físicos polivalentes para asociacións”. Pola súa banda as intervencións sociais basearíanse en estudos previos focalizados en tres colectivos: adolescentes, terceira idade e mulleres. Deste xeito, o deseño dos espazos basearíase neses estudos previos e as necesidades de intervención que deles se deriven.

Adicionalmente, nos propios estudos previos, e sobre todo nas propostas de intervención poderán terse en consideración as propostas recibidas.

A nivel de espazos físicos, deberase avaliar a posibilidade e idoneidade de empregar diferentes posibilidades coma pode ser a antiga estación de autobuses ou o actual centro de saúde unha vez sexa substituído. Á hora de analizar estas propostas será



relevante tanto a viabilidade de obter o seu uso coma as necesidades de reforma que teña ou a adaptabilidade aos usos que se pretenden.

4.6. Táboa resumo

A táboa seguinte inclúe un resumo das propostas que, en base a análise realizada, deberían sustentar a execución da EDUSI no tocante aos retos incluídos no proceso de participación pública:

Nome da proposta	Reto	OT (fondos)
Sistema de monitorización da ocupación dos aparcadoiros con APP e paneis físicos	Mellorar a calidade e/ou eficiencia dos servizos públicos mediante as TIC	OT2
Melloras na xestión da rede de saneamento	Mellorar a calidade e/ou eficiencia dos servizos públicos mediante as TIC	OT2
Melloras na xestión da rede de abastecemento	Mellorar a calidade e/ou eficiencia dos servizos públicos mediante as TIC	OT2
APP de mobilidade de A Estrada que abarque actuacións dos outros retos	Mellorar a calidade e/ou eficiencia dos servizos públicos mediante as TIC	OT4
Creación de zonas peonís ou de paso preferente de peóns no casco urbano	Promover unha mobilidade máis sostibe e inclusiva	OT4
Mellora da accesibilidade en espazos públicos	Promover unha mobilidade máis sostibe e inclusiva	OT4
Creación de rutas peonís e ciclables que partan e rematen no núcleo urbano	Promover unha mobilidade máis sostibe e inclusiva	OT4
Ampliar os espazos de aparcamento disuasorio (Teatro, Praza da Feira, Vinos)	Promover unha mobilidade máis sostibe e inclusiva	OT4
Habilitar unha rede de sendeiros	Posta en valor do patrimonio de A Estrada	OT6
Rutas de posta en valor da produción local	Revitalización do rural	OT9
Promoción de activos turísticos unidos ás actividades produtivas do rural	Revitalización do rural	OT9
Cursos técnicos para a profesionalización do sector primario	Revitalización do rural	OT9



Nome da proposta	Reto	OT (fondos)
Estudo e intervencións sobre adolescentes	Impulsar iniciativas sociais comunitarias destinadas a colectivos desfavorecidos	OT9
Estudo e intervencións sobre a terceira idade	Impulsar iniciativas sociais comunitarias destinadas a colectivos desfavorecidos	OT9
Estudo e intervencións sobre as mulleres	Impulsar iniciativas sociais comunitarias destinadas a colectivos desfavorecidos	OT9
Potenciar o Centro Xuvenil A Estación e habilitar un espazo axeitado para a súa actividade	Impulsar iniciativas sociais comunitarias destinadas a colectivos desfavorecidos	OT9
Crear espazos físicos polivalentes para asociacións	Impulsar iniciativas sociais comunitarias destinadas a colectivos desfavorecidos	OT9

Nalgún caso as propostas non teñen orzamento asignado, polo que sería preciso avanzar na definición dun alcance obxectivo. Noutros son precisos estudos previos ou de mercado para afinar o alcance obxectivo. Por este motivo recoméndase, independentemente da decisión de priorización que se tome no seo dos órganos da EDUSI, abordar unha fase posterior de definición dos seguintes pasos a acometer entre os cales se pode atopar:

- Redefinición da proposta clarexando algúns aspectos ou definindo outros en meirande detalle.
- Estimacións orzamentarias.
- Estudos, memorias ou proxectos.
- Consultas ao mercado.

De cara a manter o carácter participativo do proceso, proponse que, ademais de facer pública a avaliación e selección de propostas, unha vez estas estean máis avanzadas (na forma de proxectos ou memorias) facer unha exposición pública dos mesmos e un debate aberto sobre o seu plantexamento e contido.

